

Órganos colexiados

1. Funcionamento dos organos colexiados

Os órganos colexiados dun centro educativo son o Consello escolar e o Claustro de profesores e profesoras.

2. Consello escolar

O Consello escolar dos Centros educativos dependerá na súa composición do número de unidades que o conformen, tal como vén recollido nos Regulamentos respectivos. Nos IES o número de unidades entenderase referido ao número de grupos de alumnos e alumnas, incluíndo, no seu caso, os existentes nas extensións dependentes dos mesmos. Por grupo debe entenderse o conxunto de alumnos e alumnas que recibe simultaneamente ensinanza nas disciplinas comúns ou clases teóricas, segundo se trate de Bacharelato ou de F.P. Nos Centros de Infantil e/ou Primaria deben contabilizarse todas as unidades que estean xuridicamente creadas.

Os profesores e profesoras que son membros do Consello Escolar en virtude de ocupar cargo directivo non poderán ser candidatos ao mesmo. No suposto de que sexa nomeado Director ou Directora, Xefa ou Xefe de estudos, Secretario ou Secretaria ou Administrador ou Administradora un ou varios representantes do profesorado no Consello escolar, cesará nesta representación e producirase unha vacante que deberá ser cuberta. O cese no cargo con anterioridade ao remate do mandato no Consello Escolar non implicará a recuperación da condición de membro como representante do profesorado.

As persoas pertencentes ao Consello Escolar que desexen renunciar, deberán formular a renuncia, de forma expresa, perante o Presidente ou a Presidenta do órgano. Este ou esta. limitárase a aceptar por escrito a renuncia e a informar ás restantes persoas pertencentes ao Consello Escolar.

3 Claustro de profesores e profesoras

O claustro estará integrado pola totalidade do profesorado que preste servizos no Centro. O profesorado de relixión forma parte a todos os efectos do claustro. O profesorado en comisión de servizos forma parte do claustro do centro no que exerza a función docente.

Non forma parte do claustro, pero só a efectos de elección dos representantes do pro-

fesorado, o profesorado substituto, estando integrado no claustro ao efecto, os profesores ou profesoras substituídos. Enténdese que é profesorado substituído o que está con licenza por enfermidade, maternidade, nupcialidade, asuntos propios, ou calquera outra ausencia previsibelmente inferior a seis meses. Tampouco os liberados e as liberadas sindicais totais forman parte do claustro a este efecto.

Constitución e convocatoria

O *quórum* para a válida constitución dos organismos colexiados requirirá a presenza do presidente ou da presidenta e do secretario ou da secretaria ou de quen os substitúa, e da metade polo menos, das persoas que os compoñen. Se non existise quórum, o organismo constituirase en segunda convocatoria no seguinte día lectivo, no mesmo lugar e na mesma hora. Neste caso será suficiente a asistencia da terceira parte das persoas que o compoñen e, en todo caso, un número non inferior a tres, sen prexuízo da presenza do presidente ou da presidenta e secretario ou secretaria ou persoas que os substitúan.

Os organismos colexiados reuniranse preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que os convoque o seu presidente ou a súa presidenta ou o solicite un terzo, polo menos, das persoas compoñentes. Neste último caso o presidente ou a presidenta realizará a convocatoria no prazo máximo de 20 días a contar desde o seguinte a aquel no que se presente a petición. A sesión celebrarase como máximo no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da entrega da petición de convocatoria. En todo caso haberá unha reunión ao inicio e ao remate do curso.

Nas reunións ordinarias a directora ou o director remitiralles aos membros do organismo colexiado, xunto coa convocatoria, e cunha antelación mínima dunha semana, a documentación necesaria para o mellor desenvolvemento da sesión. Se os asuntos que se vaian tratar así o aconsellan, poderán realizarse convocatorias extraordinarias cunha antelación mínima de corenta e oito horas e sen suxeición a prazo previo nos casos de urxencia. O lóxico é que calquera convocatoria se faga por escrito.



Normativa:

Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (Decreto 324/1996, do 26 de xullo. DOG de 09-08-96).

Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG de 26-01-99).

Toma de decisións, funcionamento e actas

Os acordos serán tomados por maioría simple de votos, non obstante hai casos en que se esixen maiorías cualificadas como é o caso da elección ou cese do director ou da directora. Para os efectos de cómputo de votos para a toma de decisións soamente se conta-

bilizarán os membros con dereito a voto. A orde do día fíxa a presidente ou a presidenta, que deberá ter en conta, as peticións dos demais membros do organismo colexiado que foran formuladas con suficiente antelación, se o considera oportuno. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos as persoas compoñentes do organismo colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorábel da maioría. No punto da orde do día de rogos e preguntas non se poden tomar acordos

De cada sesión que celebre o organismo colexiado levantarase Acta polo secretario ou pola secretaria, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo da celebración, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

Na acta figurará, á solicitude dos respectivos persoas que compoñen organismo, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorábel. Asemade, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que aporte no acto ou no prazo que sinala o presidente ou a presidenta, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou unindo copia á mesma. As persoas que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas, que se incorporará ao texto aprobado. Cando as persoas que compoñen o organismo voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, no seu caso poda derivarse dos acordos.

As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión, podendo non obstante emitir o secretario ou a secretaria certificación sobre os acordos, sen prexuízo da posterior aprobación da acta, facendo constar expresamente tal circunstancia.

As persoas do organismo ou quen acrediten a titularidade dun interese lexítimo poden dirixirse ao secretario ou a secretaria para que lles expida certificación dos acordos, mais este non está obrigado a facilitar copia da acta.



Normativa:

Art. 50 e 51 dos Decretos 374/1996 e 324/1996 polos que se aproban os Regulamentos dos Colexios de primaria e dos Institutos, na modificación establecida pola disposición adicional terceira do Decreto 7/1999 polo que se regulan os CPI, e art. 12 do mesmo.

Capítulo III da Lei 30 /1992, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Circular 1/98 da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se aclaran posíbeis dúbidas en relación co proceso de elección, composición e constitución dos órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario.